

**MINHA AVOA DICÍA *ENGORDE*: AUTENTICIDADE E IDEOLOXÍAS LINGÜÍSTICAS SOBRE A
ESTANDARIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

NOEMI BASANTA & XOSÉ LUÍS REGUEIRA

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

Nas sociedades europeas actuais as ideoloxías lingüísticas sobre o estándar son asumidas e amplamente compartidas, aínda que nas últimas décadas é observada unha certa contestación e tamén unha maior tolerancia con certos tipos de variación (Kristiansen 2021). Estas ideoloxías e actitudes aparecen replicadas en procesos de estandarización de linguas non estatais, coma os que levaron a cabo en España o catalán, o éuscaro e mais o galego. Aos medios tradicionais de difusión das ideoloxías do estándar (sistema escolar, libros, institucións) viñeron sumarse nos últimos tempos as redes sociais, a través das cales as persoas usuarias poden interactuar coas emisoras, o que crea un novo campo de lexitimación e deslexitimación das fontes de autoridade tradicionais.

Nesta comunicación explorarase as ideoloxías lingüísticas sobre o estándar e contacto de linguas (Matras 2009, Milroy 2001) a partir dun corpus conformado por mensaxes e reaccións sobre as variedades da lingua galega recollidas nas redes sociais, con atención especial ao microprograma da Televisión de Galicia *#DígochoEu*, que se difunde sobre todo a través das redes TikTok e Instagram, e o consultorio lingüístico da AGAL en Twitter (@emgalego). A partir das mensaxes e das interaccións coas persoas usuarias, utilizando a metodoloxía da análise crítica do discurso, trataremos de achegarnos aos procedementos sociais de lexitimación e deslexitimación da lingua estándar, con especial atención á construción discursiva da autenticidade (Coupland 2014) e os valores de mercado das linguas no mundo global (Fairclough 2006; Blommaert 2010).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Blommaert, Jan. 2010. *The sociolinguistics of globalization*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Coupland, Nikolas. 2014. Language, society and authenticity: themes and perspectives. En Veronique Lacoste, Jakob Leimgruber & Thiemo Breyer (eds.), *Indexing authenticity: sociolinguistic perspectives*. 14-39. Berlin / Boston: De Gruyter.
- Fairclough, Norman. 2006. *Language and globalization*. Abingdon / New York: Routledge.
- Kristiansen, Tore. 2021. Destandardization. En W. Ayres-Bennett & J. Bellamy (eds.), *The Cambridge Handbook of Language Standardization*. 667-690. Cambridge University Press.
- Matras, Yaron. 2009. *Language contact*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Milroy, James (2001). Language ideologies and the consequences of standardization. *Journal of Sociolinguistics* 5(4), 530-555.